

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 11 DE XULLO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00035828W.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. COMERCIO. Referencia: 2022/00026473P.

Designación da entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos “Bonos Corazón Compostela Praza de Abastos”.

Acórdase a designación de Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería na Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00025386W.

Aprobación do expediente denominado “Obras de execución do proxecto “Medidas correctoras PAU Verónica Boquete- Fase I (Actuacións prioritarias)” e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase: Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Obras de execución do proxecto “Medidas correctoras PAU Verónica Boquete- Fase I (Actuacións prioritarias)” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 119.953,37 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 25.190,21 euros. O importe total ascende a **145.143,58 euros**.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 93300 6320000 (Código de Proxecto: 2016 2 LAZAR 86 1 OBRAS CORRECTORAS PARA O ESTADIO MUNI).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00027929S.

Aprobación do expediente de contratación Obras para a instalación de alumeadado público na Rúa das Estrelas.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das obras de “Instalación de alumeadado público na Rúa das Estrelas” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado ao abeiro do artigo 159.6) da LCSP, establecéndose un tipo de licitación de 77.927,53 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 16.364,78 € euros. O importe total ascende a **94.292,31 euros**.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por un importe total de 94.292,31 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 16500 6090001 (Código Proxecto: 2021 2 INVAL 4 1 INVESTIMENTOS EN ALUMEADO PÚBLICO MUNIC).

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00052189Z.

Adjudicación do servizo de “Redacción de proxecto e dirección facultativa das obras Recuperación do Campus Sur para o cidadán” á empresa SALGADO E LIÑARES SLP.

Acórdase:

-Adjudicar o contrato que ten por obxecto, a “Redacción de proxecto e dirección facultativa das obras Recuperación do Campus Sur para o cidadán” á empresa SALGADO E LIÑARES SLP, con NIF A B15993652, por un importe total de **49.346,22 euros** (Base imponible: 40.782,00 euros, IVE do 21%: 8.564,22€), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer o gasto con cargo á aplicación 030 15321 6190000 EDUSI OUTROS INVEST. REPOSIC. INFRAES. E BENS DE USO XRAL. Código de Proxecto: 2017 2 EDUSI 11 1. Este proxecto está cofinanciado polo PO FEDER 2014- 2020 nun 80% dentro do OT 9 da EDUSI “RE-VIVE”. conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: 49.346,22